



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Comité de Empresa

Xunta de Persoal

Pola presente convocámoste á asamblea conxunta de persoal funcionario e laboral que terá lugar en:

E.U Politécnica Superior martes, día 19-5-98 ás 11 horas.

Facultade de Ciencias da Educación martes, día 19-5-98 ás 18 horas.

Nelas trataremos sobre a modificación dos Estatutos da Universidade. Dada a trascendencia das devanditas modificacións, orredor do 90% das cuais están relacionadas co PAS, agardámola túa presenza.

Atentamente.

A Coruña, 14 de maio de 1998

Asdo.: José Manuel Portela Fernández
Pte. do Comité de Empresa

Asdo.: Carlos Ignacio Santos Bartolomé
Pte. da Xunta de Persoal

A CHAVE

5 Xuño 1998

Volumen 1 1ª edición

A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Hoje, co gallo do intento de modificación dos Estatutos da Universidade, iniciamos un novo xeito de comunicación que o Comité de Empresa e a Xunta de Persoal de Administración e Servizos tentará manter como órgano de expresión conxunta,

Como sabe, na súa condición de claustal, o Claustro ven de aprobar o inicio para o proceso de modificación dos Estatutos desta Universidade, partindo dun texto onde se prefigura o contido desta reforma.


Os Estatutos da Universidade son a norma básica pola que se rexe o discorrer da actividade desta institución. En certo senso, son a súa "Constitución". Convén lembrar, que cando se aprobaron orixinariamente, fo-

O espírito universitario debe sustentarse no diálogo, na negociación

ron consensuados entre o conxunto da Comunidade Universitaria, entre as diferentes posturas e os diversos estamentos.

A fundamentación da proposta de modificación dos Estatutos di que esta é unha modificación **puntual**, que só atinxe ao 20% do seu articulado. E é certo. Sen embargo, é unha reforma que **SI MODIFICA SUBSTANCIALMENTE** os aspectos que máis afectan o PAS.

Curiosamente, entre os



Agardamos que a nosa reflexión non caiga en saco roto

asinantes deste proxecto de reforma non hai nin un só representante do PAS. É máis, coñecido o texto base, manifestaron a súa disconformidade con él, e cito por orde:

- O Comité de Empresa
- A Xunta de Persoal de Administración e Servizos
- E as asembleas de traballadores/as, tanto en Ferrol como na Coruña. Asembleas, dunha grande participación, e onde ningún dos aspectos da reforma referido o PAS foi defendido.

Unha oposición tan forte ao texto presentado no claustro por parte do colectivo **PAS NON É GRATUITA**, pois a actual redacción é un **ataque frontal contra os dereitos básicos e intereses lexítimos do colectivo PAS**. É máis, entendemos, que de

ir adiante esta reforma nos seus termos actuais, vai supor unha grave perda para a **UNIVERSIDADE COMA INSTITUCIÓN E PARA OS FINS QUE TEN ENCOMENDADOS**.

Por se vostede coma claustal non se percatou do que esta modificación supón, sinalamos algunhas cuestións concretas:

.- Elimínase a organización e estrutura administrativa da universidade (artigo 106) e non se sabe o modelo que se propón (compare a redacción deste artigo 106 nos Estatutos actuais e na reforma proposta). Pode ser que non se estea de acordo co modelo pero o que non se entende é que non figure ningún modelo.

.- Implica tamén a precarización do traballo, especialmente do persoal laboral da universidade. Lembre que xa agora máis do 60% do persoal desta Universidade ten contratos temporais. O texto da reforma sempre está a condicionar a eficacia do Convenio Colectivo, textualmente di "se é o caso", (compare a redacción do artigo 111 que engade o apartado 4 no que se di que a Universidade poderá formalizar contratos temporais de conformidade coa lexislación vixente). Cousa que pode facer xa agora, excepto nun dos supostos de contra-

NESTE NUMERO:

1-2
NOTA REMITIDA ÓS CLAUSTRALS

3
COMUNICADO DO COMITÉ DE EMPRESA

4
COMUNICADO DA XUNTA DE PERSOAL


tación, que cando menos na teoría, non lle está permitido polo Convenio Colectivo vixente: a contratación a través de empresas de Trabajo Temporal (ETT). Se esta reforma vai adiante é moi posible que se xeneralice este tipo de contratación e os primeiros perxudicados van ser os propios traballadores. Hai que suliñar que a utilización deste tipo de contratación non supón ningún aforro para a Universidade e institucionaliza a precarización absoluta dos traballadores.

- Desprofesionaliza a xestión e administración da Universidade baixo a palabra "eficacia" ¿E que pode ser eficaz unha administración desprofesionalizada?.

- Elimina a incompatibilidade de varias direccións de servicios alegando tamén a "eficacia" Resulta que se é máis eficiente e eficaz adicándose a varias actividades a vez.

- Atenta gravemente contra os órganos de representación dos traballadores -Xunta de Persoal e Comité de Empresa- negando o dereito a negociación (compare o artigo 107- e é máis na fundamentación dísenos que é para "favorece-la actuación e as competencias de tódolos órganos de representación" ¿Entenden que se

favorece os representantes dos traballadores suprimindo o dereito a negociar? Temos que destacar que o defensor da proposta, Prof. Martínez Girón, Ca-




tadrático de Dereito do Traballo, noutros foros defende polo menos na teoría estes dereitos esenciais para representantes dos traballadores e sindicatos ¿Qué lle pasa na Universidade? ¿É diferente a teoría da práctica?.

- Elimina a obrigatoriedade de revisar e aprobar cada dous anos a "Relación de postos de

traballo"(artigo 107.3 dos actuais Estatutos). Agora parece ser que será a Xunta de Goberno quen creará, suprimirá, modificará etc... as prazas de persoal funcionario de administración e servicios que crea oportunas, (artigo 107.3. da actual reforma) e o mesmo tempo falase na reforma dos "Planos de Emprego" que na teoría son para isto (artigo 110 da reforma proposta) ¿NON é unha contradicción? Ou será que, por se non saen ben os referidos "Planos de Emprego" que é obrigatorio negociarlos coas organizacións sindicais máis representativas (Disposición adicional décima da Lei 3/95, de 10 de abril, que modifica a Lei 4/88, de 26 de maio da Función Pública de Galicia), deixase aberto a posibilidade de levalos xa directamente a Xunta de Goberno.

- Elimina asemade a excepcionalidade dos postos de libre designación. Esta excepcionalidade ven recollida na lexislación vixente (compare a redacción do artigo 108.3 dos actuais estatutos co 108.3 proposto pola reforma. ¿Quere dicir isto que agora "de se-lo caso" podemos ser todos libre-desginados?

Os Estatutos da Universidade son a norma básica pola que se rexe



- Por último e para non cansalo somentes facer unha comparanza entre o artigo 106.2 da reforma que di que se establecerán "sistemas que permitan o control

efectivo do rendemento do persoal de administración e servicios" Pola contra o artigo 102 dos actuais estatutos, artigo que non se modifica di " A Universidade da Coruña garantirá a avaliación anual obxectiva da súa actividade docente". Os PAS NON NOS NEGAMOS a ser avaliados pero ¿non temos dereito a pedir que esto sea obxectivo? ¿Non sería máis axeitado que as dúas redaccións fosen similares?

Para rematar, queremos facerlle un chamamento a vostede coma

claustral co obxecto de que se pare a pensar de forma obxectiva sobre os apartados da reforma que se refiren o PAS, XA QUE como dixemos máis arriba, a OPOSICIÓN DO PAS NON É GRATUITA. e sería bo que se reconducira un proceso que escomenzou mal, pola vía da exclusión, cara unha vía de diálogo e consenso, para acadar unha solución definitiva aceptable por todos. Lembrade que unha institución debe de estar por riba das filias e fobias momentaneas do seu máximo responsable.

COMITÉ DE EMPRESA

Tras do escrito que enviou o día 29 de Maio o Sr. Xerente a todo o PAS e das decisións adoutadas pola Xunta de Goberno o día 3 de xuño, consideramos conveniente facer pública a nosa posición no que afecta ao persoal laboral:

1º. A creación dunha escala de Auxiliares de Biblioteca (AB), grupo C de funcionarios e a declaración a *extinguir* dos correspondentes postos de Auxiliares Técnicos de Biblioteca (ATB), grupo IV laboral, supón, a todas luces, unha modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT). Se ben é certo que os/as ATB desenvolven actualmente un maior número de funcións, que deben ser recoñecidas dalgún xeito, non o é menos que unha modificación da RPT ten múltiples implicacións, non só para a categoría directamente afectada, senón que repercute sobre o conxunto do persoal laboral.

-Cara os ATB non se aclarou previamente:

-Quen poderá promocionar á nova escala e mediante que sistema (curso, concurso-oposición, etc.)

-Funcións que serán desenvoltas pola nova categoría.

-Situación económica na que quedarían.

-Situación na que quedaría o persoal eventual que actualmente ocupa praza de ATB.

-Cara o conxunto do persoal laboral:

- Limitación enorme das posibilidades de promoción profesional futura do persoal dos grupos IV e V.

- De seguir por este camiño pódese dar a circunstancia de que desaparezan prazas de laborais sen se crear as alternativas.

O art. 107 dos Estatutos vixente, establece que previa á aprobación da RTP pola Xunta de Goberno, é obrigado a súa negociación cos representantes do Persoal de Administración e Servizos, ou sexa, Comité de Empresa e Xunta de Persoal. No caso que nos ocupa, esta negociación non se deu. O Comité de Empresa propuxo na reunión da Xunta de Goberno:

- Que se retirara este punto da orde do día para que se realizaran as negociacións necesarias cos órganos de representación dos traballadores para subsanar todas as

circunstancias anteditas.

- Que se o equipo Rectoral pensa seguir funcionarizando postos de traballo correspondentes ó colectivo laboral, se constituía unha comisión formada por representantes do PAS funcionario, laboral e Universidade para posibilitar unha funcionalización global que podería xerar o que eran as aspiracións do colectivo de PAS de conseguir o corpo único (Adicional 3º dos Estatutos).

A Xunta de Goberno desatendeu a primeira das propostas do Comité e non se pronunciou sobre a segunda. O resultado da votación foron 29 votos a favor da variación RPT, 5 en contra (favorables á proposta do Comité) e 4 abstencións. Os representantes da PUI (teóricamente representantes de tódolos traballadores) votaron a favor da proposta presentada polo equipo rectoral. O Comité impugnará este acordo por non se respetar o procedemento legalmente establecido.

2º O Sr. Xerente anunciou, no seu escrito, que proximamente comezará a tramitación das correspondentes convocatorias de oposicións do persoal laboral e que as súas bases serán negociadas cos representantes dos traballadores (supoñemos que se refere á representación legal dos traballadores: o Comité de Empresa). Pois ben, o Comité congratúlase do inicio do proceso de oposicións que tantas veces reclamamos.

Na negociación das bases imos propoñer os mesmos criterios que recentemente comunicamos a todos os PAS. Farase fincapé, antes de nada, na necesidade do desenvolvemento duns cursos de preparación para todo o persoal que poda presentarse ás probas (tanto fixo para a promoción interna, como eventual). Estes cursos deben recoller o temario concreto das probas.

Un Saúdo.



Xunta de Persoal

En contestación o escrito de referencia remitido polo Sr. Xerente a todo o PAS, a Xunta de Persoal, quere facer a seguintes puntualizacións:

1º.- A larga duración do penúltimo concurso de méritos resolto o pasado día 25.5.98, e atribuíble as seguintes causas:

A Comisión encargada de resolvelo, contiúuse pasado un ano desde a convocatoria do mesmo.

O funcionamento e as reunións da mesma, foron competencia do presidente (Vicerrector de AAEE.).

O cúmulo de indecisións e cambios de criterio dos membros nomeados pola Universidade (maioría na comisión), provocou retrasos continuados.

Consecuentemente, o retraso na resolución é exclusivamente atribuíble o equipo de goberno.

2º.- A non adscripción definitiva dos Axudantes de Biblioteca, ata pasado ano e medio desde que se resolveu a oposición, resulta unha irregularidade somentes atribuíble o equipo de goberno da Universidade.

3º.- En relación coa creación de prazas da escala de Auxiliares de Arquivos, Bibliotecas e Museos, consideramos que supón unha modificación da actual RPT e polo tanto deber ser negociada cos órganos de representación. Non nos opoñemos a integración do PAS nun corpo único (disposición adicional 3ª dos Estatutos), pero entendemos que debe existir un diálogo cos repre-

sentantes dos traballadores.

4º.- A Xunta de Persoal leva reclamando dende sempre a promoción dos funcionarios de toda-las escalas, proceso éste que están levando a cabo dende hai tempo as Universidades do noso entorno, firmando pactos e acordos cos representantes dos traballadores.

5º.- Queremos matizar que a negociación a que se fai referencia no penúltimo párrafo, deber ser COS representantes dos traballadores (Comité de Empresa ou Xunta de Persoal) e non CON representantes dos traballadores.

6º.- Queremos felicitar o equipo de goberno polo máximo empeño que vai por a partir de agora en acortar os prazos, e agardamos que todo vaia tan rápido como o do último concurso de méritos que acaba de se resolver. (Xefaturas de Servicio de Asesoría Xurídica e Xestión Académica).



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Comité de Empresa

Xunta de Persoal

Nunha nota anterior fixamos un plano de actuación cara a presentación de enmendas no Claustro do vindeiro día 15-6-98.

Pola presente convocámoste ás assembleas que terán lugar:

CAMPUS DE FERROL:

Mércores, día 10 ás 11 horas no salón de actos do Vicerrectorado

CAMPUS DA CORUÑA:

Xoves, día 11 ás 18 horas no salón de actos da E.U.EE. Empresariais.

ORDE DO DÍA:

- **Presentación das enmendas, discusión e aprobación si procede.**
- **Accións a tomar (convocatoria de paro, concentración, etc.)**
- **Rogos e preguntas.**

Para nos é importantísima a túa presenza e participación.

Un saúdo

A Coruña, 8 de xuño de 1998

Asdo.: José Manuel Portela Fernández
Pte. do Comité de Empresa

Asdo.: Carlos Isidro Santos Bartolomé
Pte. da Xunta de Persoal



12/6/98

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Comité de Empresa e Xunta de Persoal de Administración e Servicios

Reunido o PAS en sendas assembleas os días 10 e 11 de xuño, en Ferrol e A Coruña, tomáronse os seguintes acordos:

- Facer un **paro** o vindeiro día 15 de 9.30 a 14.30

- .148 votos a favor
- .1 voto en contra
- .2 abstencións

- Facer unha **concentración** o mesmo día na Maestranza e durante o paro

- . 149 votos a favor
- . 1 abstención

Dado a gran participación e grao de unanimidade acadado nas assembleas nas que se ofreceu total apoio ós representantes do PAS no Claustro, que defenderán as enmendadas discutidas e aprobadas nas assembleas

CHAMÁMOSTE A QUE PARTICIPES ACTÍVAMENTE

15 DE XUÑO

CONCENTRACIÓN NA MAESTRANZA DE 9.30 A 14.30